



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés

Materia	Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés			
Código	V01G180V01503			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Varela Bravo, Eduardo José			
Profesorado	Varela Bravo, Eduardo José Wellings, Matthew Philip			
Correo-e	evarela@uvigo.es			
Web	<a href="http://www.faitic.uvigo.es">http://www.faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Materia que amplía os coñecementos de inglés instrumental obtidos no primeiro e segundo cursos de Grao, ata acadar un nivel avanzado nas competencias lingüística e comunicativa do idioma.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
A13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo

B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
- Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.	A1 A13	B5
- Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.	A1 A5 A7 A9	B4 B5
- Mellorar a comprensión lectora en rexistros formais e semi-formais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.	A1 A8	B1 B3 B5
- Incrementar a destreza de expresión escrita nunha variedade de temas e unila á expresión oral.	A1 A6 A9	B2 B3 B4 B5
- Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.	A1 A6 A7 A9 A12	B2 B3 B4 B5
- Dominar a dimensión social da lingua e saber como utilizala en función do contexto.	A10	B4

### Contidos

Tema	
I. GRAMMAR	1. Inversion 2. Advanced conditional structures 3 'It' clauses: anticipatory and dummy 'it' 4. Advanced reported speech structures 5. Phrasal and prepositional verbs 6. Advanced passive and causative structures
II. LISTENING	1. Documentaries 2. News and interviews 3. Casual conversation 4. Academic lectures 5. Advertisements 6. Films
III. VOCABULARY	1. Nature: Fauna and flora 2. Official language: Politics and public institutions 3. Daily life: Idioms and everyday expressions 4. Academic language 5. Press language: advertising and the mass media 6. British and American English
IV. READING	1. Newspaper articles: structural analysis; key words and ideas 2. Scientific articles: paraphrasing; summarising main ideas 3. Reports and proposals: analysis and assessment
V. WRITING	1. Writing a report 2. Writing a proposal
VI. SPEAKING	Academic presentations: a. Aims and objectives b. Researching one's audience c. Presentation structure d. Script and visual aids e. Delivering one's presentation f. Handling questions

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	0	4
Sesión maxistral	22	34	56
Resolución de problemas e/ou exercicios	18	54	72
Prácticas autónomas a través de TIC	0	7	7
Presentacións/exposicións	24	12	36
Probos de resposta curta	4	16	20
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	6	24	30

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte dos profesores dos contidos da materia. As explicacións teóricas poderán irse intercalando coa posta en práctica dos coñecementos adquiridos, mediante exercicios ou proxectos a desenvolver polos estudantes.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades de complemento ás sesións maxistras nas que se formularán problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos previamente explicados. O alumnado deberá producir as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.
Prácticas autónomas a través de TIC	Repaso de contidos mediante a utilización das novas tecnoloxías.
Presentacións/exposicións	O alumnado terá que facer presentacións orais na clase (en datas que serán fixadas polos profesores con suficiente antelación). As presentacións serán avaliadas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	- Atención en horario de titorías. - Consultas sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos. - Consultas sobre as probas de exposición na aula. - Consultas sobre os exercicios e o proceso de aprendizaxe. - Revisión de probas e exames.
Resolución de problemas e/ou exercicios	- Atención en horario de titorías. - Consultas sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos. - Consultas sobre as probas de exposición na aula. - Consultas sobre os exercicios e o proceso de aprendizaxe. - Revisión de probas e exames.
Presentacións/exposicións	- Atención en horario de titorías. - Consultas sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos. - Consultas sobre as probas de exposición na aula. - Consultas sobre os exercicios e o proceso de aprendizaxe. - Revisión de probas e exames.
Probos	Descrición
Probos de resposta curta	- Atención en horario de titorías. - Consultas sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos. - Consultas sobre as probas de exposición na aula. - Consultas sobre os exercicios e o proceso de aprendizaxe. - Revisión de probas e exames.
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	- Atención en horario de titorías. - Consultas sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos. - Consultas sobre as probas de exposición na aula. - Consultas sobre os exercicios e o proceso de aprendizaxe. - Revisión de probas e exames.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Presentacións orais na clase para avaliar o Speaking.	20
Probos de resposta curta	Probos de Listening.	20
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	Probos de Grammar, Vocabulary, Reading & Writing.	60

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### a) Primeira edición de actas:

##### a.1) Avaliación continua:

Para acollerse ao sistema de avaliación continua, o estudantado debe **asistir con regularidade** ás sesións presenciais, tanto teóricas coma prácticas, así como **entregar os traballos ou exercicios** que se lle requiran.

Cada unha das destrezas da lingua será avaliada mediante probas específicas, tal e como se indica arriba, ao longo do curso. O alumnado deberá aprobar cada unha das partes que compoñen a materia e o suspenso nunha destas partes implica un suspenso na materia. De suspender algunha(s) das partes, o alumnado examinarase no mes de xullo (véxase apdo. b). De non aprobar en xullo, o alumnado deberá examinarse de toda a materia no seguinte curso académico.

As datas das exposicións orais serán fixadas no calendario con antelación suficiente. A non entrega dun traballo en tempo e forma puntuará como cero. O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

O alumnado que non supere a materia mediante a avaliación continua terá que se presentar ao exame de xullo (véxase apdo. b).

## **a.2) Avaliación única:**

A entrega de traballos e exercicios, así como a realización dunha ou varias das probas parciais implican a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado mediante este sistema non poderá presentarse ao exame final de maio, e a súa nota da primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso.

O alumnado que **non asista** ás clases con regularidade e/ou non entregue os traballos **nin realice ningún exame parcial**, poderá presentarse a un **exame único** (100% da cualificación final), que terá lugar ao final do cuadrimestre. Ese exame terá asignadas as porcentaxes que seguen: gramática (15%), vocabulario (15%), lectura (15%), escrita (20%), escoita (15%) e produción oral (20%).

## **b) Segunda edición de actas (xullo):**

O alumnado que suspenda a avaliación continua ou, de ser o caso, o exame ao final do cuadrimestre, será avaliado mediante o exame único que o centro fixe oficialmente para o mes de **xullo**. Este exame computará coma o 100% da nota e constará de diversas partes correspondentes a gramática (15%), vocabulario (15%), lectura (15%), escrita (20%), escoita (15%) e produción oral (20%).

Tal e como se explicou no apdo. a.1), a este exame poderá presentarse o alumnado que teña suspensa algunha das partes da materia. De ter suspensa unicamente unha parte, o alumnado deberá examinarse só desa parte. De ter dúas ou máis partes suspensas, terá que examinarse de toda a materia.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

Capel, A. & W. Sharp (2013) *Objective proficiency* [Student's book]. Cambridge: Cambridge University Press.

Brazil, D. (1994) *Pronunciation for Advanced Learners of English*. Cambridge: Cambridge University Press.

Grellet, F. (1997) *Writing for Advanced Learners of English*. Cambridge: Cambridge University Press.

Hewings, M. (2009) *Cambridge Grammar for CAE and Proficiency*. Cambridge: Cambridge University Press.

McCarthy, M. & F. O'Dell (2004) *English Idioms in Use*. Cambridge: Cambridge University Press.

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302

Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

---

### **Outros comentarios**

Nunha materia de inglés instrumental, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a asistencia e participación activa na aula. De igual maneira, para superar esta materia é necesario o traballo constante do alumnado, tanto nas sesións presenciais como a nivel persoal.

Todos os materiais cos que se traballe ao longo do curso poderán ser obxecto de avaliación.

Recoméndase encarecidamente a consulta regular do enderezo de correo electrónico facilitado para abrir a conta en Faitic, así como a da propia plataforma. Entre outras cousas, os profesores farán anuncios e porá material a disposición do alumnado a través desta plataforma.

---